



CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

INTER
CAMBIAR



**CULTURA E
RESPONSABILIDADE
SOCIAL EMPRESARIAL**

*Auditorio da Biblioteca de Galicia,
Santiago de Compostela*

**MAR 3
XUL**

RESUMO DO DESENVOLVIMENTO DA XORNADA

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

INTER
CAMBIAR
↔

CULTURA E
RESPONSABILIDADE
SOCIAL EMPRESARIAL

Organiza:
falaRSE

Colabora:
- Cidade da Cultura de Galicia
- Secretaría Xeral de Cultura
da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación
Universitaria.

Prazas:
100

O 3 de xullo de 2012 a Cidade da Cultura de Galicia acolleu a xornada “Cultura e responsabilidade social empresarial”, promovida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e organizada por FalaRSE, para favorecer o debate arredor da oportunidade de promover o desenvolvemento cultural desde a responsabilidade social das empresas.

A produción cultural e a responsabilidade social manteñen vínculos aínda pouco explorados, que poden vehicularse a través do mecenado ou integrada na propia actividade económica. Por outra parte, a propia actividade cultural pode actuar como aliada da inclusión social e do desenvolvemento social integral.

Con esta xornada, o Gaiás colabora como espazo de acollida do debate imprescindible entre directores de comunicación, empresas e directivos de institucións e empresas, creadores e profesionais das industrias culturais nos temas de actualidade do panorama cultural galego.

A responsabilidade social das empresas xoga un papel importante como nexos de unión entre o mercado global e as sensibilidades social e ambiental, aspectos todos incluídos no coñecido como *triplo resultado*.

A inclusión dos aspectos culturais é considerada por algúns analistas como un soporte do desenvolvemento sostible, sumándose aos impactos económico, social e ambiental.

O pasado día 3 de xullo tivo lugar na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela o evento “Cultura e Responsabilidade Social Empresarial” organizado por falaRSE coa colaboración da Cidade da Cultura de Galicia e a da Secretaría xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

O evento congregou a numerosos profesionais vinculados á acción cultural, ao ámbito universitario e directivos de empresas. A xornada foi inaugurada polo conselleiro de Cultura e Educación da Xunta de Galicia, Jesús Vázquez, acompañado do secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; o secretario xeral de política lingüística, Valentín García; o director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá; a xerente da Cidade da Cultura, Beatriz G. Loroño; e o director de falaRSE, Jorge Gómez.

O programa do evento incluíu unha conferencia inaugural que tivo como título “Cultura e responsabilidade social: un binomio estratéxico” a cargo da profesora e investigadora en RSE da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña, María Dolores Sánchez Fernández.



María Dolores explicou como a responsabilidade social é un concepto transversal que abrangue tanto a empresas, coma a outras organizacións como universidades ou institucións públicas. A responsabilidade social é un modelo de xestión, de carácter voluntario, que nun diálogo permanente cos grupos de interese pretende optimizar os impactos sobre estes nos planos social e ambiental, ademais do económico. A produción cultural, sinalou María Dolores, representa unha forma de crear impacto social por parte das organizacións e que pode integrarse na súa estratexia de responsabilidade social. A cultura e a responsabilidade social deben ir xuntos e crear valores.

A primeira mesa redonda levou por título **“A integración das linguas dentro da estratexia de responsabilidade social das empresas”**. Nela participaron Malú Bergantiños, responsable de comunicación de R; Fernando Ramallo, profesor do Departamento de Lingüística da Universidade de Vigo e Jorge Gómez, director de N-Nova como moderador.



Malú Bergantiños centrou a súa exposición na experiencia de R en relación á integración da lingua galega na súa estratexia de comunicación cos seus grupos de interese. Pola súa banda, Fernando Ramallo adiantou o desenvolvemento dun informe en elaboración para a Secretaría Xeral de Política Lingüística sobre responsabilidade social empresarial e lingua, para valorar o grao de implantación de empresas “lingüísticamente responsables”. Ramallo animou as organizacións a abordar a complexidade desta diversidade con naturalidade e sensibilidade cara ás comunidades lingüísticas nas que operan. Na parte final, Jorge Gómez, presentou a ferramenta de diagnóstico [RS PEMES](#) promovida pola Fundación Alares e Mokit, na que N-Nova colaborou na súa tradución á lingua galega. Esta ferramenta permite realizar un diagnóstico de situación en RSE e que se pon a disposición das pemes galegas para axudalas na definición da súa estratexia de responsabilidade social.

Tras un pequeno receso, comezou a segunda mesa redonda do día que tivo como título **“Empresas e Cultura. o tecido empresarial como aliado dos proxectos culturais”**. Participaron nela María Lemos, responsable do Programa de participación a través da arte contemporánea de Gas Natural Fenosa; Antonio Cortés, director de márketing de Gadisa; Pablo Zunzunegui, director xerente de DMC Galicia; e foi moderada por Beatriz Lorenzo, directora editorial de falaRSE.



María Lemos sinalou as manifestacións artísticas como unha canle para a integración e a inclusión, así como favorecer a accesibilidade á cultura das persoas con discapacidade. Antonio Cortés centrou a súa exposición nas múltiples accións que Gadisa leva a cabo en apoio de eventos e iniciativas culturais dende o seu compromiso coa responsabilidade social e a sostibilidade. Pablo Zunzunegui ofreceu unha alternativa de calidade e de

integración co entorno ao turismo tradicional, iniciativa que deu lugar a un interesante debate, que continuaría na seguinte mesa, sobre as oportunidades existentes en Galicia para un turismo sostible e que achegue as realidades e modo de vida de cada zona aos visitantes.

A mañá pechouse coa mesa **“A conservación do patrimonio: cara a un turismo responsable e sostible”** onde interviñeron Paula Remoaldo, da Universidade do Minho; Marta Arenas Romasanta, vogal da Asociación de Executivas de Galicia, e Yolanda García, membro do grupo de investigación Sociedade, Tecnoloxías e Territorio da Universidade de Santiago de Compostela e responsable do Proxecto Galicia Auténtica.



Paula Remoaldo mostrounos a experiencia de Guimarães, Capital Europea da Cultura e presentou os resultados dunha análise do impacto deste acontecemento desde o punto de vista dos visitantes e dos visitados, así como os desafíos para o turismo cultural no país veciño. A continuación, Marta Arenas fixo fincapé nos valores asociados á responsabilidade social, moi presentes na Asociación de Executivas desde a súa creación, e avogou por un achegamento ao patrimonio cultural e paisaxístico como unha experiencia integral. O Proxecto Galicia Auténtica puxo fin á xornada de mañá, onde Yolanda García deu a coñecer a iniciativa consistente deste museo etnográfico virtual que conta con máis de 1.200 contidos dixitais sobre a cultura, estilo de vida e paisaxes rurais das bisbarras de Galicia http://www.galiciaautentica.org/principal/gal_index.php

A sesión da tarde estivo dedicada a unha recompilación de experiencias prácticas que constataron a conexión existente entre cultura e responsabilidade social.

A primeira mesa estivo dedicada ao **“Impulso da cultura dentro da estratexia de responsabilidade social das empresas”**, onde interviñeron Manuel Iglesias, director de Galopín Parques, e Loli Rodríguez, administradora de Alvarella. Iglesias constatou a importancia da cultura como inspiración para a industria onde o mundo da artesanía supón unha importante fonte de coñecemento. Loli Rodríguez presentoulles aos asistentes o proxecto Alvarella que promove o desenvolvemento sostible e a diversificación da economía rural.



A xornada concluíu coa segunda mesa de experiencias, **“Inclusión e integración a través das manifestacións culturais”**, dedicada a organizacións do terceiro sector e na que estiveron presentes: Anxo Queiruga, presidente de COGAMI; Daniel González secretario técnico do Fondo Galego de Cooperación; Carmen Díaz-Paché, membro da Oficina Autonómica de Cruz Vermella e Juan de Sola, presidente de Agareso.



Anxo Queiruga explicou as barreiras que se encontra o colectivo de persoas con discapacidade no acceso á cultura e como é posible unha integración deste colectivo nas actividades culturais. Na súa intervención, Daniel González, expuxo o alcance global da acción do Fondo Galego de Cooperación en iniciativas como “A Tropa de Trapo” coa que queren levar unha mensaxe de esperanza e solidariedade a través da cultura. Carmen Díaz-Paché situou a diversidade como un valor e achegounos campañas de Cruz Vermella en favor da diversidade cultural como “En realidade non ten graza”. Juan de Sola puxo fin ao evento destacando a importancia da comunicación veraz e da transparencia en substitución do *buenismo*.